

ACTUACIÓN AO DETECTAR UNHA EMERXENCIA

A persoa que detecte unha emerxencia; lume, explosión, inundación, accidente, ou calquera outra circunstancia, deberá, sen perder a calma:

Comunicalo ao Teléfono de Emerxencias:
Interno: 234100. Externo: 981 334 100

A central poñerá en marcha o Plan de Autoprotección. Seguir as instrucións do persoal coordinador da emerxencia.

- En caso de accidente:

- Protexer o accidentado e evitar que sufra danos maiores.
- Avisar mediante alarma ou ao teléfono de emerxencias.
- Socorrer ata que chegue axuda sanitaria ou se indique orde de evacuación.

- En caso de incendio:


- Avise ao: Teléfono de Emerxencias (234100).
- Se considera posible a súa extinción mediante extintores, e coñece o seu funcionamento, inténtelo sen correr riscos inútiles, mantendo vía de escape.
- Se non é posible, evacúe a zona pechando portas e ventás.
- Ocupe o seu lugar asignado no Plan de Emerxencia.
- En caso de evacuación, actúe con serenidade; siga os sinais de emerxencia existentes no hospital; guíe ou facilite a saída aos ocupantes; e non utilice os ascensores.

Normativa

- Orde 24/10/1979 sobre protección anti-incendios nos establecementos sanitarios.
- RD 393/2007 do 23 M, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia BOE nº72 de 24/03/2007.
- Decreto 174/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia



DIAGRAMA DE ACTUACIÓN



PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol

Comunicalo ao Teléfono de Emerxencias:
Interno: 234100. Externo: 981 334 100

A central poñerá en marcha o Plan de Autoprotección. Seguir as instrucións do persoal coordinador da emerxencia.

- En caso de accidente:

- Protexer o accidentado e evitar que sufra danos maiores.
- Avisar mediante alarma ou ao teléfono de emerxencias.
- Socorrer ata que chegue axuda sanitaria ou se indique orde de evacuación.


- En caso de incendio:

- Avise ao: Teléfono de Emerxencias (234100).
- Se considera posible a súa extinción mediante extintores, e coñece o seu funcionamento, inténtelo sen correr riscos inútiles, mantendo vía de escape.
- Se non é posible, evacúe a zona pechando portas e ventás.
- Ocupe o seu lugar asignado no Plan de Emerxencia.
- En caso de evacuación, actúe con serenidade; siga os sinais de emerxencia existentes no hospital; guíe ou facilite a saída aos ocupantes; e non utilice os ascensores.


Normativa

- Orde 24/10/1979 sobre protección anti-incendios nos establecementos sanitarios.
- RD 393/2007 do 23 M, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia BOE nº72 de 24/03/2007.
- Decreto 174/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia

HOSPITAL ARQUITECTO
MARCIDE
HOSPITAL NAVAL



O Plan de Autoprotección elabórase seguindo normas legais, para establecer as medidas a tomar en caso de emerxencia nas instalacións hospitalarias da Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol



Que é o Plan de Autoprotección

Cargos e funcións

Actuación en caso de evacuación

É o documento que define a estrutura organizativa, responsabilidades, formas de actuación, medios de comunicación, recursos a mobilizar e vías de evacuación, para o control e combate eficaz das diferentes emerxencias que poidan suceder nos centros hospitalarios.

Obxectivos

- ◊ Protexer as persoas.
- ◊ Previr os acontecementos ou situacións de emerxencia.
- ◊ Controlar os sucesos que causaron a emerxencia.
- ◊ Reducir ao mínimo as consecuencias sobre os bens.
- ◊ Informar o persoal traballador e usuarios.
- ◊ Alertar os Servizos Públicos de Axuda: Emerxencias 112, Bombeiros, Policía, Protección Civil.

Composición e medios humanos

- ◊ Director do Plan de Autoprotección.
- ◊ Director do Plan de actuación.
- ◊ Coordinador de Emerxencia.
- ◊ Centro de Control de Comunicacións e Transmisións.
- ◊ Xefe de Intervención.
- ◊ Equipo de Primeira Intervención.
- ◊ Equipo de Segunda Intervención.
- ◊ Equipos de Alarma e Evacuación.

Director do Plan de Autoprotección	Xerente da Xerencia Integrada de Ferrol
Director do Plan de Actuación	<i>Director de Procesos Asistenciais (mañá) ou Director de Urxencias ou Xefe de Garda Médica (tarde, noite, festivos):</i> Exerce a máxima responsabilidade na Emerxencia, e asume o operativo da aplicación do Plan.
Xefe de Intervención	<i>Xefe de Equipo de Mantenemento/Xefe de Instalacións:</i> Dirixe as operacións de intervención na Emerxencia, coordina os equipos, e aplica as ordes dadas polo Xefe de Emerxencia.
Coordinador de Emerxencia	<i>Médico responsable de andar ou supervisora/s de enfermaría (mañá) ou responsable do servizo ou médico de garda (tarde, noite, festivos):</i> Aseguran a actuación dos EPIS, e organizan a evacuación cando fose necesaria.
Centro de Transmisións: (centralíña)	Centraliza toda a información e avisos durante a Emerxencia. Encárgase de mobilizar os medios e avisar aos equipos externos.
Equipo de Primeira Intervención (EPI)	<i>Todo o Persoal traballador da área afectada, calquera traballador próximo ao foco:</i> encárgase de intervir de forma inmediata na emerxencia coa finalidade de eliminala ou evlitar a súa extensión.
Equipo de Segunda Intervención (ESI)	<i>Vixilantes de Seguridade e Persoal de Mantenemento:</i> encárganse da resolución da emerxencia concreta. Actúan cando os Equipos de Primeira Intervención non logran controlar e eliminar a causa da emerxencia.
Equipo de Alarma e Evacuación (EAE)	<i>Persoal presente na unidade en situación de Emerxencias.</i> Son os encargados de dirixir e supervisar a evacuación total e ordenada do sector que teñan asignado.
Equipo de Primeiros Auxilios Urxencias:	Encargada de prestar axuda inmediata ao posible persoal lesionado por causa da emerxencia.
Equipos de Emerxencia: Servizos externos:	Especializados en control e xestión de Emerxencias.

⇒ Ao activarse ou indicarse a evacuación, **desconecte** os equipos eléctricos, inflamables ou que utilicen gas.

⇒ **Mantéña a calma**, indique ao persoal da zona, servizo ou planta a necesidade de evacuar o centro.

⇒ **Siga as instrucións** do persoal do equipo de Emerxencias, e siga as indicacións da sinalización de emerxencias.

⇒ Gué os ocupantes ao seu cargo cara ás vías de evacuación, axudando ou trasladando aos feridos, impedidos ou diminuídos.

⇒ Durante a evacuación **non retroceda** a recoller obxectos persoais.

⇒ **Abandone o edificio** en caso de ser ordenado, e dirixíxase ao punto de reunión externo.

⇒ **Permaneza fóra localizado** ata que o Xefe de Emerxencia indique que é seguro volver entrar.